

I CONCURSO DE CALIGRAMAS

O Equipo de Normalización Lingüística do IES Río Cabe, coa colaboración dos Departamentos de Debuxo e de Lingua e Literatura Galegas, convoca un concurso de caligramas e/ou textos icono-verbais.

BASES

1. Poderá participar todo o alumnado do IES Río Cabe. Cada participante poderá presentar o número de traballos que desexe.
2. A temática e a técnica serán libres. Poden empregarse todo tipo de recursos plásticos: diferente tipografía, tamaño e color das letras, cores, cartolinas, folios de cores, texturas, etc. Valorarase tanto a orixinalidade visual como a lingüística (expresión poética, uso de figuras literarias, corrección gramatical, etc.). Os traballos entregaranse en folio ou similar tamaño A-4.
3. Os traballos presentaranse nun sobre pechado cun pseudónimo na parte dianteira do devandito sobre. Nel tamén se incluirá un sobre pequeno e pechado que conterá no seu interior un folio co nome, apelidos, curso e grupo do autor.
4. Os participantes entregarán os seus traballos ós profesores de Lingua Galega nas súas respectivas aulas.
5. O prazo de presentación rematará o 14 de xaneiro de 2011.
6. Establécense os seguintes premios:

ESO: 1º premio: 30 euros
2º premio: 20 euros

BAC: 1º premio: 30 euros
2º premio: 20 euros
7. O xurado estará constituído polos profesores dos Departamentos de Lingua e Literatura Galegas e de Debuxo, e a entrega de premios terán lugar o día da celebración de Santo Tomé. Os premios poden quedar desertos.

